

1. As principais características dos animais son:
 - a. Son pluricelulares e realizan as tres funcións vitais.
 - b. Son unicelulares e móvense.
 - c. Nútrense, relaciónanse e reproducense.
2. Segundo a alimentación os animais poden ser:
 - a. Vexetarianos e carnívoros.
 - b. Carnívoros e herbívoros.
 - c. Carnívoros, herbívoros, omnívoros e detritívoros.
3. Os animais con columna vertebral son:
 - a. Invertebrados.
 - b. Mamíferos.
 - c. Vertebrados.
4. Se un animal ten pelo e mamas, pertence ao grupo dos:
 - a. Vertebrados.
 - b. Peixes.
 - c. Mamíferos.
 - d. Cetáceos.
5. As aves:
 - a. Teñen plumas e son ovíparas.
 - b. Teñen plumas e son vivíparas.
 - c. Teñen escamas, son vivíparas e respiran por pulmóns.
6. Cal das seguintes características non é dun réptil:
 - a. Teñen escamas.
 - b. Reptan.
 - c. Respiran por pulmóns.
 - d. Teñen branquias.
7. O paso de cágado a adulto nos anfibios realízase por:
 - a. Mitose.
 - b. Desenvolvemento.
 - c. Metamorfose.

8. As quenllas son peixes:
- Óseos.
 - Cartilaxinosos.
 - Son mamíferos.
9. Cal é a principal característica dos invertebrados?
- Son pequenos.
 - Non teñen columna vertebral.
 - Teñen patas.
10. A que grupo pertencen as estrelas e os ourizos de mar?
- Artrópodos.
 - Moluscos.
 - Equinodermos.
11. Cantas patas ten un insecto?
- Catro.
 - Cinco.
 - Seis.
 - Oito.
12. Cales das seguintes son características das plantas?
- Son pluricelulares.
 - Teñen flores.
 - Non se desprazan.
 - Son unicelulares.
 - Elaboran o seu alimento.
13. A face e o envés son partes:
- Da raíz.
 - Do talo.
 - Das follas.
14. Cales dos seguintes elementos necesita unha planta para realizar a fotosíntese?
- Luz.

- b. Osíxeno.
 - c. Dióxido de carbono.
 - d. Sales minerais.
15. Como se chama a mestura de auga e sales minerais que ascende desde a raíz dunha planta?
- a. Zume bruto.
 - b. Zume elaborado.
 - c. Fotosíntese.
16. Como se chama a parte masculina dunha flor?
- a. Pistilo.
 - b. Estames.
 - c. Cáliz.
17. Cales dos seguintes son plantas con flores?
- a. Anxiospermas.
 - b. Musgos.
 - c. Ximnospermas.
18. O conxunto de seres vivos que habitan un lugar e o medio físico en que viven chámase:
- a. Ecosistema.
 - b. Hábitat.
 - c. Ecosfera.
19. O conxunto dos individuos dunha mesma especie que habita un ecosistema chámase:
- a. Comunidade.
 - b. Especie.
 - c. Poboación.
20. Os herbívoros son:
- a. Consumidores secundarios.
 - b. Consumidores primarios.
 - c. Produtores.